

2018

MEMORIA DA FUNDACION DE DEPORTES



Puede verificar integridad de este documento en <https://www.vilagarcia.gal/diary/XFHGOA8LQ5D01A45>



INDICE

1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade.

1.1.1.- Curso 2017 - 18.

1.1.2.- Curso 2018 - 19.

1.2.- Escola Multideportiva.

1.2.1.- Curso 2017 - 18.

1.2.2.- Curso 2018 - 19.

1.3.- Escola Deportiva de Base.

1.3.1.- Curso 2017 - 18.

1.3.2.- Curso 2018 - 19.

1.4.- Escolas Náuticas Municipais

1.4.1.- Escola de Vela

1.4.2.- Escola de Piragüismo

1.4.3.- Escola de Remo

1.4.4.- Escola de Salvamento

2º.- ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS

2.1.- 2º Curso de actividades de adultos 2017-18.

2.1.1.- Curso de Ximnasia de mantemento.

2.1.2.- Curso de Ximnasia acuática.

2.1.3.- Curso de Aeróbic.

2.1.4.- Curso de Badminton.

2.1.5.- Curso de Tai Chi.

2.1.6.- Curso de Ioga.

2.1.7.- Curso de Pilates.

2.1.8.- Curso de Ximansia Funcional.

2.1.9.- Curso de Circuito Training.

2.1.10.- Curso de Estiramientos e relaxación.



2.2.- 3º Curso de actividades de adultos 2017 -18.

- 2.2.1.- Curso de Ximnasia de mantemento.
- 2.2.2.- Curso de Ximnasia acuática.
- 2.2.3.- Curso de Aeróbic.
- 2.2.4.- Curso de Badminton.
- 2.2.5.- Curso de Tai Chi.
- 2.2.6.- Curso de loga.
- 2.2.7.- Curso de Pilates.
- 2.2.8.- Curso de Ximansia Funcional.
- 2.2.9.- Curso de Circuito Training.
- 2.3.10.- Curso de Estiramientos e relaxación.

2.3.- 1º Curso de actividades de adultos 2018-2019.

- 2.3.1.- Curso de Ximnasia de mantemento.
- 2.3.2.- Curso de ximnasia acuática.
- 2.3.3.- Curso de Aeróbic.
- 2.3.4.- Curso de Badminton.
- 2.3.5.- Curso de Tai chi.
- 2.3.6.- Curso de loga.
- 2.3.7.- Curso de Pilates.
- 2.3.8.- Curso de Ximnasia Funcional.
- 2.3.9.- Curso de Circuito Training.
- 2.3.10.- Curso de Estiramientos e relaxación.

3º.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

3.1.- Actividades Físico-deportivas.

3.2.- Escola Multideportiva.

3.3.- Competicións deportivas.

- 3.3.1.- XVI Torneo de Tenis de Verán.
- 3.3.2.- II Torneo de Badminton de verán.
- 3.3.3.- XV Carreira Nocturna.
- 3.3.4.- XXVI Memorial Adolfo Pedrido de xadrez.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Recinto Fexdega
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 566 898
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es -www.vilagarcia.es

3.5.- Vilagarcía a Mares.

3.5.1.- LV Travesía a nado ao Porto de Vilaxoan.

3.5.2.- XXIV Bandeira Concello de Vilagarcía de traíñas.

4º.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

4.1.- Eventos coorganizados pola Fundación de Deportes.

4.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.






1º.- ACTIVIDADES PARA NENAS/OS

Nas actividades deportivas para nenos traballouse a iniciación deportiva a diferentes deportes mediante o xogo. Pódese dicir que o xogo como práctica popular é o antecedente do deporte como tal e como o coñecemos hoxe en día. O elemento fundamental do xogo é o lúdico, buscando a evasión da vida cotidiá, sometendo o neno/a a unhas normas máis ou menos establecidas e marcando uns obxetivos individuais ou colectivos que posibiliten o desenvolvemento da actividade.

Dentro do proceso de aprendizaxe, o xogo debe permitir o desenvolvemento dunha serie de capacidades para que cumpla coa función que queremoslle asinar



A iniciación deportiva non é máis cun proceso de ensinanza - aprendizaxe, e como tal debe ter moi en conta todo-los elementos que participan neste proceso, co fin de conseguila máxima eficacia (Bayer 1986).

- + O individuo que se inicia e as súas características evolutivas.
- + As características dos deportes a iniciar.
- + A metodoloxía específica que interrelacione o proceso.

Hai tres ámbitos nos que pódese enmarcar a práctica deportiva:



I.- COMPETICION-RENDEMENTO: na iniciación é un obxectivo a longo prazo, e os seus modelos non se adaptan o que entendemos debe se-la iniciación deportiva, o seu fin busca un resultado non un proceso.

II.- OCIO-RECREACION: onde a importancia da competición perde papel respecto o aspecto lúdico.

III.- AMBITO EDUCATIVO: no que o elemento lúdico, actividade física e a competición deben estar en sincronía.

O ámbito educativo é o que máis se adapta ás intencións desta Fundación. O deporte debe ser, ademáis dun aprendizaxe técnico e táctico, un medio para axuda-lo neno/a a desenvolve-la súa personalidade, indo máis alá do adetramento hasta conseguir unha creación de hábitos, un estilo de vida “deportivo”.

1.1.- ESCOLA DEPORTIVA DE PSICOMOTRICIDADE.

A educación psicomotriz pretende: o coñecemento e aceptación dun mesmo, mellor axuste da súa conducta e a autonomía do suxeito e acceso a responsabilidades na vida social.

Nesta escola a Fundación pretende conseguilo desenvolvemento físico-psicomotor do neno/a na primeira infancia, utilizando como recurso a psicomotricidade, xa que permite a formación do neno na súa globalidade a partires do corpo para que posteriormente se inicie nas actividades deportivas.

Na educación psicomotriz, o movemento non é máis cun soporte que permite o neno adquirir uns coñecementos abstractos, pero tamén adquirir unhas percepción e unhas sensacións que lle brinden o coñecemento dese complexo instrumento que é o seu corpo e a través del, o coñecemento do mundo que lle rodea.

1.1.1.-Curso 2017-18.

Dende xaneiro a maio, continuación da escola psicomotricidade de ofertada para nenos/as nados nos anos 2012-2013 que comenzou a mediados de outubro de 2017, pertencendo á tempada 2017-18. Esta escola rematou a finais de maio de 2018. Esta escola tivo **39 alumnos/as inscritos/as**, repartidos en dous grupos que desenvolveron a actividade no Recinto Fexdega.



1.1.2.- Curso 2018-19.

A Escola de Psicomotricidade ofertouse para nenos/as nados nos anos 2013-2014 ofertáronse grupos nas instalacións deportivas municipais e nalgún caso no propio centro educativo dos alumnos, contando con unha inscrición de **22 alumnos/as inscritos/as**, repartidos nun grupo que desenvolveu a actividade no Recinto Fexdega.

1.2.- ESCOLA MULTIDEPORTIVA.

A Escola Multideportiva está programada para os nenos/as do Concello de 6 a 8 anos de idade.

As actividades deportivas a desenvolver serán:

- Xogos de iniciación ós deportes colectivos (fútbol , voley , basket , etc)
- Xogos con implementos (palas, béisbol, etc.)
- Xogos con material alternativo (freesbe, indiakas,)
- Xogos cooperativos con paracaídas.

1.2.1.-Curso 2017-18.

Dende xaneiro a maio, continuación da escola multideportiva de inverno que comezou a mediados de outubro de 2017, pertencendo a tempada 2017-2018. Esta escola rematou a finais de maio de 2018. Tivo unha participación de **52 alumnos/as inscritos/as**, repartidos en dous grupos que desenvolveron a actividade no Recinto Fexdega.

1.2.2.- Curso 2018-19.

A Escola Multideportiva ofertouse para nenos/as nados nos anos 2010-2012, ofertáronse grupos nas instalacións deportivas municipais. Dende outubro a decembro do ano 2018, continuando a mesma durante os meses de xaneiro a maio do 2019. Esta escola ten unha inscrición de **59 alumnos/as inscritos/as**, repartidos en dous grupos que desenvolveron a actividade no Recinto Fexdega.

1.3.- ESCOLA DEPORTIVA DE BASE.

A Escola Deportiva de Base Municipal está programada para os nenos/as do Concello de 9 a 12 anos de idade. Nalgunhas especialidades puideron chegar ata os 15 anos para favorecer a práctica de deportes minoritarios no noso concello, e tamén permitir a participación de alumnos



con unha discapacidade inferior o 33% para favorecer a súa integración.

A Escola Deportiva de Base Municipal desenvolveuse en cooperación cos clubs do concello (en xestión indirecta) ou realizadas directamente pola Fundación de Deportes, nas modalidades deportivas nas que non existen ningún club ou entidade deportiva rexistrado no rexistro da Fundación de Deportes de Clubs/Entidades Deportivas, ou tamén aquelas outras que tendo clubs no Concello ningún presentou un proxecto para a xestión indirecta.

1.3.1.- Curso 2017-18.

Dende xaneiro a maio, sendo a continuación da Escola Deportiva de Base de inverno que comezou a mediados de outubro de 2017, pertencente a tempada 2017-2018. Esta escola rematou a finais de maio do ano 2018 para nenos/as nados/as nos anos 2002-2008. Esta escola desenvolveuse en xestión directa nas modalidades de fútbol 24 inscritos/as, baloncesto 20 inscritos/as, patinaxe 61 inscritos/as, atletismo 11 e zumba 30 inscritos/as. En réximen de xestión indirecta desenvolvéronse as seguintes especialidades:

Baile deportivo: un grupo impartido polo Club Arousa Baila con 30 inscritos/as.

Esgrima: un grupo impartido polo C. Esgrima Vilagarcia con 21 inscritos/as.

Rugby: un grupo impartido polos Os Ingleses R.C con 16 inscritos/as.

Xadrez: dous grupo impartido polo C. Xadrez Fontecarmoa con 27 inscritos/as.

As escolas ofertadas de Tenis de Mesa, Voleibol, tenis e Artes Marciais; non se levaron a cabo por falta dun mínimo de inscricións.

O número total de solicitudes de inscricións na Escola Deportiva de Base foi de **178 solicitudes**; se ben como podían anotarse a máis de unha actividade atendendo á solicitude por modalidades deportivas, tivemos **240 inscricións**.

As actividades levaronse a cabo, no Pavillón Municipal de Vilaxoan, no Pavillón Municipal Castelao e no Recinto Fexdega.

1.3.2.- Curso 2018-19.

A Escola Deportiva de Base ofertouse para nenos/as nados nos anos 2003-2009, ofertáronse grupos nas instalacións deportivas municipais. Dende outubro a decembro do ano 2018, continuando a mesma durante os meses de xaneiro a maio do 2019. Esta escola desenvolveuse en xestión directa nas modalidades de patinaxe 30 inscritos/as e aeróbic 29 inscritos/as. En



régimen de xestión indirecta desenvolvéronse as seguintes especialidades:

Artes Marciais: un grupo impartido polo C. Olympic con 21 inscritos/as.

Baile deportivo: un grupo impartido polo Club Arousa Baila con 27 inscritos/as.

Acobacias para Artes Marciais: un grupo impartido polo C. Olympic con 19 inscritos/as.

Tenis de Mesa: un grupo impartido polos C.Vilagarcía Tenis de Mesa con 16 inscritos/as.

Ximnasia Rítmica: un grupo impartidos polo C. Vilarousa con 24 inscritos/as.

As escolas ofertadas de Tenis, Atletismo, Rugby, Voleibol e Xadrez; non se levaron a cabo por falta dun mínimo de inscricións.

O número total de solicitudes de inscrición na Escola Deportiva de Base foi de **136 solicitudes**; se ben como podían anotarse a máis de unha actividade atendendo á solicitude por modalidades deportivas, tivemos **167 inscricións**.

As actividades levaronse a cabo no Pavillón Municipal de Vilaxoan, no Pavillón Municipal de A Torre, no ximnasio do C.E.I.P.Arealonga, nas instalacións do Ximnasio Olympic e no Recinto Fexdega.



1.4.- ESCOLAS NÁUTICAS MUNICIPAIS.

As Escolas Deportivas Municipais teñen unha dobre finalidade: a de formar ós alumnos no aspecto físico-deportivo, cultural e de convivencia e, neste senso, fomentar valores como os da tolerancia, respecto ós demais, deportividade, compañerismo, etc.

Con esas premisa, e, tendo en conta o entorno no que vivimos, levouse a cabo a organización das Escolas Náuticas para vela, remo e piragüismo, as cales, ademáis de cumprir coas premisas anteriores, puxeron en contacto ao alumnado co medio natural, que é o mar da ría de Arousa.

As clases tiveron unha duración de dúas horas semanais para as escolas municipais de remo,



piragüismo e salvamento as cales poderían recibirse nunha única sesión, e de 2 sesións de 2 horas a semana para a escola municipal de vela.

Establécese unha cota de inscrición de 12,00 €, por alumno e escola, que depositáronse na conta da Fundación de Deportes. A cota de inscrición anteriormente sinalada terá as excepcións que indica o acordo regulador nº 17.

As prazas que se ofertaron para cadansúa escola foron 30, se ben nalgunha delas non se chegou a ese mínimo e noutras ampliouse o número de prazas ante a demanda existente. A idade dos alumnos para a participación nas Escolas Náuticas Municipais, foi de 8 e ós 16 anos (2008/2001), e os alumnos deben saber nadar.

Para o desenvolvemento destas escolas a Fundación de Deportes fixo un contrato de servizos con entidades deportivas que realicen actividade federada nestas disciplinas .

1.4.1.- Escola Municipal de Vela.

A escola deportiva municipal de vela desenvolveuse do 3 de xuño ao 6 de xullo, contando cunha inscrición de 55 alumnos. A escola foi levada a cabo pola Federación Galega de Vela.

1.4.2.- Escola Municipal de Piragüismo

A escola municipal de piragüismo desenvolveuse do 30 de xuño ao 27 de agosto, contando cunha inscrición de 33 alumnos. A escola foi desenvolvida polo Club Depornautic Arousa.

1.4.2.- Escola Municipal de Remo

A escola municipal de remo desenvolveuse do 30 de xuño ao 27 de agosto, contando cunha inscrición de 17 alumnos. A escola foi desenvolvida polo Club de Remo Vilaxoan.

1.4.3.- Escola Municipal de Salvamento

A escola municipal de remo desenvolveuse do 8 de xuño ao 4 de agosto, contando cunha inscrición de 20 alumnos. A escola foi desenvolvida polo Club Salvamento Vilagarcía.





2.- ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS PARA ADULTOS

A actividade física é un tema relevante, tanto dende un punto de vista persoal e individual como dende unha visión global da sociedade.

O feito de que unha persoa inicie, continúe ou potencie unha actividade física, pode aportarlle por unha parte un cambio sustancial na súa vida interior xa que lle axudará o seu estado de ánimo e a súa saúde, potenciará os seus reflexos e proporcionarlle unha axilidade que pode ter mermada ou estancada, e polo tanto mellorar a súa calidade de vida.

Por outra banda, dende o punto de vista desta persoa cara o exterior, o feito de que para facer esta actividade, estableza unha relación con outras persoas adultas e cos seus monitores, normalmente mais xóvenes, pode aportarlle outra serie de beneficios como, coñecer persoas da súa idade, compartir obxectivos, esforzos, ledicias, desilusións, opinións, etc..., en definitiva establecer contacto con persoas afines a eles, establecendo círculos de amizade e relacións e contribuíndo con esto a rachar a soidade que sufren moitos deles.

Tendo en conta este feito a actividade física adquire un carácter decisivo ao convertirse nun elemento de reunión que axude a formar un colectivo cada vez máis amplo de xeito que baseándose nun obxectivo permítelles construír un movemento dentro da sociedade que lles permita redefinir o seu papel dentro desta.

A Fundación de Deportes debe por á disposición dos cidadáns, e facilitar en maior medida, a práctica dunha actividade deportiva que realmente é demandada pola sociedade, contando cos medios precisos para que esta se poda levar a bo termo.

Atendendo a demanda da poboación dentro das actividades para adultos ou maiores de 16 anos cunha autorización paterna, programáronse as seguintes actividades:

- ▲ Actividade de Ximnasio de Mantemento.
- ▲ Actividade de Ximnasia acuática.
- ▲ Actividade de Aeróbic.
- ▲ Actividade de Badminton.



- ▲ Actividade de Tai-chi.
- ▲ Actividade de Ioga.
- ▲ Actividade de Pilates.
- ▲ Actividade de Ximnasia Funcional.
- ▲ Circuit Training.
- ▲ Estiramientos e Relaxación.

2.1.- 2º Curso de actividades para adultos 2017-18.

Neste segundo curso das actividades físico deportivas para adultos houbo unha inscrición de **1024 solicitudes**, das cales 131 foron fóra de prazo; se ben, atendendo a participación nas actividades, como moitas das persoas inscritas tiñan carne da Fundación e participaban en máis de unha actividade; tendo unha participación de **1618 persoas/actividade a semana**.

2.1.1.- 2º Curso de ximnasia de mantemento. Actividade para adultos cunha inscrición de **369 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 8 grupos que realizaron a actividade nos pavillóns do C.D.M. de Fontecarmoa (pav. nº 2), Recinto Fexdega, Carril, Guillán e Castelao. Os grupos 7 e 8 tiveron que subdividir en dous grupos a maiores, por exceso de inscricións neses grupos.

2.1.2.- 2º Curso de ximnasia acuática. No curso de ximnasia acuática, houbo un total de **159 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 10 grupos, oito en horario de mañá e dous en horario de tarde. Dado que pola tarde no 2º grupo houbo dúas inscricións, reubicáronse a esos alumnos/as no 1º grupo da tarde. A actividade levouse a cabo na Piscina Municipal de Fontecarmoa.

2.1.3.- 2º Curso de aeróbic. Actividade para adultos cunha inscrición de **139 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 3 grupos que realizaron a actividade, dous en horario de tarde no Recinto Fexdega, así como un grupo de mañá, no C.D.M. de Fontecarmoa (pav. nº 2). O grupo da mañá do Recinto Fexdega non se levou a cabo xa que non se chegou o número mínimo de inscritos/as, polo que se reubicou as dúas persoas noutro grupo.



2.1.4.- 2º Curso de bádminton. Actividade para adultos cunha inscrición de **79 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 3 grupos; un en horario de mañá e dous en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega.

2.1.5.- 2º Curso de Tai Chi. Actividade para adultos cunha inscrición de **91 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse dous grupos en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no ximnasio do C.E.I.P. A Escardia.

2.1.6.- 2º Curso de Ioga. Actividade para adultos cunha inscrición de **219 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse catro grupos, dous grupos en horario de mañá e dous en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega e na sede do Liceo Casino.

2.1.7.- 2º Curso de Pilates. Actividade para adultos cunha inscrición de **297 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse oito grupos, cinco grupos en horario de mañá e tres en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega, no C.D.M. de Fontecarmoa e no ximnasio do C.E.I.P. A Escardia.

2.1.8.- 2º Curso de Ximnasia Funcional. Actividade para adultos cunha inscrición de **92 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse dous grupos en horario de mañá. A actividade levouse a cabo no Pavillón do Castelao.

2.1.9.- 2º Curso de Circuito Training. Actividade para adultos cunha inscrición de **77 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 4 grupos dous en horario de mañá e dous en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega. Dado que nos dous grupos da mañá no tiñeron asistencia, reubicáronse a esos alumnos/as nos grupos da tarde ou noutra actividade das ofertadas.

2.1.10.- 2º Curso de Estiramientos e relaxación. Actividade para adultos cunha inscrición de **96 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertouse un grupo en horario de mañán. A actividade levouse a cabo na sede do Liceo Casino.



2.2.- 3º Curso de actividades para adultos 2017-18.

Neste terceiro curso das actividades físico deportivas para adultos houbo unha inscrición de **960 solicitudes**, das cales 63 foron fóra de prazo; se ben, atendendo a participación nas actividades, como moitas das persoas participaban en máis de unha actividade tivemos unha participación de **1448 persoas/actividade a semana**.

2.2.1.- 3º Curso de ximnasia de mantemento. Actividade para adultos cunha inscrición de **319 alumnos/as**. Realizada nos meses de abril, maio e xuño. Ofertáronse 8 grupos que realizaron a actividade nos pavillóns de Castelao, C.D.M. de Fontecarmoa (pav. nº 2), Recinto Fexdega, Carril e Guillán. Os grupos 7 e 8 tivéronse que subdividir en dous grupos a maiores, por exceso de inscricións neses grupos.

2.2.2.- 2º Curso de ximnasia acuática. No curso de gimnasia acuática, houbo un total de **143 alumnos/as**. Realizada nos meses de abril, maio e xuño. Ofertáronse 10 grupos, oito en horario de mañá e dous en horario de tarde. Dado que pola tarde no 2º grupo non tivo unha asistencia regular, reubicáronse a esos alumnos/as no 1º grupo da tarde. A actividade levouse a cabo na Piscina Municipal de Fontecarmoa.

2.2.3.- 3º Curso de aeróbic. Actividade para adultos cunha inscrición de **130 alumnos/as**. Realizada nos meses de abril, maio e xuño. Ofertáronse 4 grupos que realizaron a actividade, dous en horario de tarde no Recinto Fexdega, así como dous grupos de mañá, no C.D.M. de Fontecarmoa (pav. nº 2) e no Recinto Fexdega. O grupo da mañá do Recinto Fexdega non tivo unha asistencia regular, polo que se reubicou os alumnos/as noutros grupos.

2.2.4.- 3º Curso de bádminton. Actividade para adultos cunha inscrición de **74 alumnos/as**. Realizada nos meses de abril, maio e xuño. Ofertáronse 3 grupos que realizaron a actividade un grupo en horario de mañá e dous en horario de tarde no Recinto Fexdega.

2.2.5.- 3º Curso de Tai Chi. Actividade para adultos cunha inscrición de **73 alumnos/as**. Realizada nos meses de abril, maio e xuño. Ofertáronse dous grupos en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no ximnasio do C.E.I.P. A Escardia.



2.2.6.- 3º Curso de Ioga. Actividade para adultos cunha inscrición de **184 alumnos/as**. Realizada nos meses de abril, maio e xuño. Ofertáronse catro grupos, dous grupos en horario de mañá e dous en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega.

2.2.7.- 3º Curso de Pilates. Actividade para adultos cunha inscrición de **301 alumnos/as**. Realizada nos meses de abril, maio e xuño. Ofertáronse oito grupos, cinco grupos en horario de mañá e tres en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega, no C.D.M. de Fontecarmoa (pav. nº 2) e no ximnasio do C.E.I.P. A Escardia.

2.2.8.- 3º Curso de Ximasia Funcional. Actividade para adultos cunha inscrición **75 alumnos/as**, Realizada nos meses de abril, maio e xuño. Ofertáronse dous grupos en horario de mañá. A actividade levouse a cabo no Pavillón do Castelao.

2.1.9.- 3º Curso de Circuito Training. Actividade para adultos cunha inscrición de **61 alumnos/as**. Realizada nos meses de abril, maio e xuño. Ofertáronse 4 grupos dous en horario de mañá e dous en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega.

2.2.10.- 3º Curso de Estiramientos e relaxación. Actividade para adultos cunha inscrición de **89 alumnos/as**. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertouse un grupo en horario de mañán. A actividade levouse a cabo na sede do Liceo Casino.

2.3.- 1º Curso de actividades para adultos 2018-19.

Neste 1º curso da nova tempada 2018-19 os alumnos/as podían elixir a seguintes prácticas deportivas, ximnasia de mantemento, ximnasia acuática, badminton, aeróbic, pilates, ximnasia funcional, ioga, circuito training e estiramientos e relaxación, tanto en horario de mañán como de tarde, e tamén tai-chi en horario de tarde.

Houbo **1279 solicitudes para as actividades de adultos**; se ben, atendendo a participación nas actividades, como moitas das persoas inscritas tiñan carne da Fundación e participaban en máis de unha actividade; tendo unha participación de **2023 persoas/actividade a semana**.

2.3.1.- 1º Curso de ximnasia de mantemento. Actividade para adultos cunha inscrición de **462 alumnos/as**. Realizada nos meses de outubro, novembro e decembro. Ofertáronse 10 grupos



que realizaron a actividade nos pavillóns de Castelao, C.D.M. de Fontecarmoa (pav. nº 2), Recinto Fexdega, Carril, Guillán e ampliando un novo grupo en Bamio.

2.3.2.- 1º Curso de ximnasia acuática. No curso de ximnasia acuática, houbo un total de **188 alumnos/as**. Realizada nos meses de outubro, novembro e decembro. Ofertáronse 10 grupos, oito en horario de mañá e dous en horario de tarde. Dado que pola tarde no 2º grupo non tivo unha asistencia regular, reubicáronse a esos alumnos/as no 1º grupo da tarde. A actividade levouse a cabo na Piscina Municipal de Fontecarmoa.

2.3.3.- 1º Curso de aeróbic. Actividade para adultos cunha inscrición de **157 alumnos/as**. Realizada nos meses de outubro, novembro e decembro. Ofertáronse 3 grupos que realizaron a actividade, dous en horario de tarde e un en horario de mañán, todos eles no Recinto Fexdega.

2.3.4.- 1º Curso de bádminton. Actividade para adultos cunha inscrición de **121 alumnos/as**. Realizada nos meses de outubro, novembro e decembro. Ofertáronse 3 grupos que realizaron a actividade un grupo en horario de mañá e dous en horario de tarde no Recinto Fexdega.

2.3.5.- 1º Curso de Tai Chi. Actividade para adultos cunha inscrición de **124 alumnos/as**. Realizada nos meses de outubro, novembro e decembro. Ofertáronse 2 grupos en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no ximnasio do C.E.I.P. A Escardia.





2.3.6.- 1º Curso de Ioga. Actividade para adultos cunha inscrición de **271 alumnos/as**. Realizada nos meses de outubro, novembro e decembro. Ofertáronse 4 grupos, dous grupos en horario de mañá e dous en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no ximnasio do C.E.I.P. A Escardía e no Liceo Casino.

2.3.7.- 1º Curso de Pilates. Actividade para adultos cunha inscrición de **382 alumnos/as**. Realizada nos meses de outubro, novembro e decembro. Ofertáronse 10 grupos, seis grupos en horario de mañá e catro en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega, no C.D.M. de Fontecarmoa (pav. nº 2).

2.3.8.- 1º Curso de Ximnasia Funcional. Actividade para adultos cunha inscrición de **96 alumnos/as**. Realizada nos meses de outubro, novembro e decembro. Ofertáronse dous grupos en horario de mañá. A actividade levouse a cabo no Pavillón Castelao.

2.3.9.- 1º Curso de Circuito Training. Actividade para adultos cunha inscrición de **72 alumnos/as**. Realizada nos meses de outubro, novembro e decembro. Ofertáronse dous en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega. Dado que nos dous grupos da mañá non tiñeron asistencia, reubicáronse a esos alumnos/as nos grupos da tarde ou noutra actividade das ofertadas

2.3.10.- 1º Curso de Estiramientos e Relaxación. Actividade para adultos cunha inscrición de **153 alumnos/as**. Realizada nos meses de outubro, novembro e decembro. Ofertouse un grupo en horario de mañá.





3.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

Dende a Fundación de Servicios Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, puxose en marcha o “PROXECTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN VILAGARCÍA 2018” para os meses de xullo e agosto do presente ano; un proxecto relacionado coa práctica de diversas actividades físico deportivas no periodo estival.

A Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, ofreceu aos veciños/as e visitantes da nosa vila, un programa deportivo co obxectivo de responder as novas expectativas sociais, cunhas actividades que permiten atender ás demandas da sociedade, cada día máis preocupada polo mundo da actividade física e do deporte en todas as súas dimensións: saúde, recreación, educativo, social, ... Este proxecto contemplou todos os ámbitos de actuación coa promoción da actividade física e deportiva, dende o ámbito da iniciación e formación da actividade deportiva, o da competición ou o ámbito lúdico-recreativo.

O entorno natural co que conta a nosa vila non é so un lugar paradisíaco donde descansar, si se aproveitan todas as posibilidades que ofrece, convírtese nun espazo deportivo de primeiro orde no que adquirir hábitos saudables mediante distintas actividades nas que o deporte e diversión van unidas.

Moitas persoas buscan neste entorno o descanso total, tumbándose o sol ou sentándose nunha terraza; sen saber quizás que as vacacións e o verán son un período ideal para engancharse ao deporte e manter este hábito o resto do ano. Tal e a variedade de actividades físico-deportivas que o entorno permite realizar como camiñar, correr, xogar as palas, xogar partidos de fútbol, de volei, realizar exercicios de flexibilidade, elasticidade, relaxación, ...; que poderíase considerar un complexo deportivo pero cos beneficios que conleva practicalo ao aire libre.

Os obxetivos que perseguíu o devandito proxecto foron os seguintes:

1. Ampliar a oferta deportiva da Fundación de Deportes.
2. Mellorar a calidade da oferta deportiva.
3. Promover a práctica da actividade física e deportiva entre os veciños/as aproveitando os espazos naturais cos que conta a nosa vila.
4. Facilitar a práctica deportiva a todos os grupos sociais.

Para a consecución destes obxetivos, a Fundación de Deportes, ofertou as seguintes actividades deportivas:



1. ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS
 1. Ximnasia de mantemento
 2. Aeróbic
 3. Bádminton
 4. Ioga
2. ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN
3. TORNEOS DE VERÁN
 1. XXII Torneo de Fútbol-Praia.
 2. XVI Torneo de Tenis de Verán.
 3. II Torneo de bádminton.
 4. XV Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía.
 5. XXVI Memorial Adolfo Pedrido.
4. Actividades náuticas do programa de “Vilagarcía a Mares”.
 1. LV Travesía a nado ao Porto de Vilaxóan.
 2. XXIV Bandeira de traíñas Concello de Vilagarcía.

3.1.- ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS

Dentro das **actividades físico-recreativos** sen necesidade de inscrición previa, leváronse a cabo durante os meses de xullo e agosto, as actividades que a continuación se relacionan:

3.1.1.-Ximnasia de mantemento

1. **Horario:** de luns a venres en horario de mañá de 9:00 a 10:00 h e de 10:00 a 11:00 h.
2. **Lugar:** no Parque da Praia Compostela.
3. **Duración:** levouse a cabo nos meses de xullo e agosto.
4. **Comezo e fin:** comezou o o luns 2 de xullo e rematou o venres 31 de agosto.
5. A actividade a impartiu un técnico deportivo da Fundación de Deportes.

3.1.2.- Aeróbic

1. **Horario:** os martes e xoves en horario de mañá 11:00 a 12:00 h.
2. **Lugar:** Recinto Fexdega.
3. **Duración:** levouse a cabo nos meses de xullo e agosto.



4. **Comezo e fin:** comezou o martes 3 de xullo e rematou o xoves 30 de agosto.
5. A actividade a impartiuna unha técnica deportiva da Fundación de Deportes.

3.1.3.- Bádminton

1. **Horario:** os martes e xoves en horario de 9:00 a 10:00 h.
2. **Lugar:** Recinto Fexdega.
3. **Duración:** levouse a cabo nos meses de xullo e agosto.
4. **Comezo e fin:** comezou o martes 3 de xullo e rematou o xoves 30 de agosto.
5. A actividade a impartiuna un técnico deportivo da Fundación de Deportes.

3.1.4.- Ioga

